

5.- Documentación que debe acompañar a la solicitud:

- Certificación de nacimiento o fotocopia autenticada del Documento Nacional de Identidad.

- Certificación médica, expedida por la Jefatura Provincial de Sanidad, acreditativa de no estar impedido física o psíquicamente para la función judicial.

- Certificación expedida por el Registro Central de Penados y Rebeldes y declaración complementaria a que hace referencia el artículo 2 de la Ley 69/180 en su punto 1 a) referente a "si se encuentra inculcado o procesado".

- Justificación de los méritos que alegue el solicitante.

6.- Lugar de presentación de solicitudes: En el registro de este Ayuntamiento en días laborales y horas de oficina, o en la forma establecida en el artículo 38 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, reformada por la Ley 4/1999, de 13 de enero.

Cospeito, 25 de enero de 2006.- EL ALCALDE,
Armando Castosa Alvaríño.

R. 00448

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día dezaioito de xaneiro de dous mil seis aprobou inicialmente o "Proxecto de urbanización da unidade de actuación CN-19", promovido por don Eladio Díaz Campos, en representación da Xunta de compensación da unidade de actuación CN-19.

Conforme o previsto nas disposicións vixentes, sométese a información pública polo prazo de vinte días, durante o cal poderá ser examinado no Servizo de Urbanismo deste Concello (Ronda Muralla núm. 197), e presentarse as reclamacións ou suxestións que se desexen.

Lugo, 2 de febreiro de 2006.- O Alcalde, P.D. O Tenente-alcalde delegado de Área (Decreto Alcaldía número 98/2004), José Ramón Gómez Besteiro.

R. 00532

MEIRA

Anuncio

Publicada definitivamente a ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS no BOP nº 289, do 20/12/05 advírtese da comisión dun erro material no primeiro parágrafo, de xeito que onde di "sesión plenaria celebrada o día 24 de maio de 2005", debe decir "sesión plenaria celebrada o día 19 de setembro de 2005".

Meira a 24 de xaneiro de 2006.- O Alcalde-Presidente, Rosendo Folgueira Valle.

R. 00556

Anuncio

De conformidade co artigo 49 da Lei 7/85, por non se presentar reclamación algunha durante o periodo de exposición ao público, elévase a definitivo o acordo provisional adoptado polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 20 de outubro de 2005, relativo á ORDENANZA REGULADORA DA EXPEDICIÓN DAS TARXETAS DE ACCESIBILIDADE E TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALIA. Procédese a publicación do texto completo de dita ordeanza, entrando en vigor transcorridos 15 días dende a súa publicación no BOP, conforme o establecido no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85.

Anexo I.-

ORDENANZA REGULADORA DA EXPEDICIÓN DAS TARXETAS DE ACCESIBILIDADE E TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALIA

ARTIGO 1.- OBXECTO:

Ten por obxecto a presente ordenanza a regulación a nivel municipal da expedición da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía e de accesibilidade de usuarios previstas nos artigos 27 e seguintes da Lei 8/97 de 20 de agosto, de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e nos seguintes artigos 50, 51, 52 e 53 do Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro, polo que se aproba respectivamente o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei antes citada, co fin de favorecer-lo uso dos transportes privados por persoas con graves problemas de mobilidade e para que o seu titular poida disfrutar de facilidades de estacionamento, e como documento acreditativo da situación de discapacidade en orden a favorecer o uso e disfrute dos transportes públicos.

ARTIGO 2.- BENEFICIARIOS:

1.- Poderán ser beneficiarios da tarxeta de estacionamento con carácter persoal e intransferible, aquelas persoas coñ minusvalía que teñan recoñecida a imposibilidade de uso do transporte público polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO), dependentes das seccións de calificación e valoración de minusvalías da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

2.- Terán dereito á expedición da tarxeta de accesibilidade aqueles interesados os que se lles expida certificado de minusvalía, polos equipos de valoración e orientación, dependentes das seccións de calificación e valoración de minusvalías.

ARTIGO 3.- SOLICITUDES:

Presentaranse segundo modelo oficial nas Dependencias Municipais, acompañando a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
- Certificado de minusvalía.
- Dúas fotografías tamaño Carnet.
- Certificado de empadramento.

ARTIGO 4.- DEREITOS DERIVADOS DAS TARXETAS:

1.- A titularidade da tarxeta de estacionamento dá dereito a:

Autorización para que os vehículos ocupados por ditas persoas poidan deterse na vía pública durante o tempo imprescindible e sempre que non entorpezan a circulación rodada ou peatonal.

2.- A tarxeta de accesibilidade de usuarios dará dereito o seu titular a disfrutar dos beneficios a que se refire a Lei e o Regulamento anteriormente citados.

ARTIGO 5.- MODALIDADES DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO:

Cando o titular da tarxeta sexa unha persoa física, poderá utilizala en calquera vehículo no que se traslade, sexa ou non da súa propiedade, e sexa o titular da tarxeta o conductor do vehículo ou non.

Cando o titular da tarxeta sexa unha persoa xurídica deberá incluí-la matrícula ou matrículas dos vehículos habilitados para transportar ás persoas con graves problemas de mobilidade.

Cando se faga uso dos dereitos que confire esta tarxeta, esta colocarse na parte interior do parabrisas dianteiro de forma que resulte claramente visible dende o exterior.

O modelo de tarxeta axustarase as características sinaladas no anexo III do Regulamento, que se establece no Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

ARTIGO 6.- EXPEDICIÓN DAS TARXETAS:

O expediente iniciarase a instancia da persoa interesada.

O Concello de Meira, remitirá copia da solicitude ó Equipo de Valoración e Orientación (EVO) da corres-

Anexo II:

SOLICITUDE DE EXPEDICIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALIDEZ

Nome e Apelidos:	
D.N.I.:	Data de nacemento:
Domicilio:	
Teléfono de contacto:	
Domicilio a efectos de notificacións:	
Grado de minusvalidez:	Nº de expediente:
Duración:	<input type="checkbox"/> Temporal <input type="checkbox"/> Indefinida
En caso de actuar en representación, NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL DO REPRESENTANTE:	
N.I.F.:	
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:	

Deberá acompañarse da seguinte documentación:

- D.N.I. (Orixinal e fotocopia).
- Certificado de minusvalía (Orixinal e fotocopia)
- 2 fotografías tamaño Carnet.
- Certificado de empadramento.

pondente Consellería de Asuntos Sociais, emprego e Relacións Laborais, para a realización do informe preceptivo que será vinculante para a resolución do procedemento sendo competente para a súa concesión ou denegación a Comisión de Goberno.

As tarxetas de accesibilidade concedidas polo Concello terán validez en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. En caso de cambio de domicilio do beneficiario dunha tarxeta de accesibilidade deberá solicita-lo traslado do expediente ó novo municipio de residencia.

En caso de que a calificación da minusvalía sexa permanente, a tarxeta caducará ós dez anos da concesión, e en caso de que a calificación da minusvalía sexa provisional, caducará cando remate o prazo que esta indique.

Para a renovación seguirase o mesmo procedemento que para a concesión inicial.

ARTIGO 7.- RÉXIME SANCIONADOR:

No suposto de que se detecte o uso indebido da tarxeta de estacionamento de maneira reiterada e debidamente probada, a citada tarxeta será retirada durante un prazo de dous anos, debendo o interesado volver iniciarlo procedemento para a súa nova expedición.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez fora publicada íntegramente no B.O.P, e transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85, sendo de aplicación a partir dese mesmo día ata a súa derogación ou modificación expresa.

NOTA: Estas tarxetas serán expedidas soamente ás persoas con residencia neste Concello, de Acordo co Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro de 2000 (D.O.G. 29-02-2000).

Meira (Lugo), ... de ... de 200...

(Sinatura)

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE MEIRA.

Meira, a 18 de xaneiro de 2006.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Rosendo Folgueira Valle.

R. 00557

A POBRA DO BROLLÓN

Edicto

Aprobado definitivamente o expediente nº 3 de modificación de créditos do Orzamento Xeral do exercicio 2005, faise público que tralo mesmo o Estado de Gastos queda como segue:

Estado de Gastos:	
Capítulo	Euros
I Gastos de persoal	484.115,10
II Gastos en bens correntes e servicios	501.600,48
III Gastos financeiros	20.470,00
IV Transferencias correntes	50.219,63
VI Inversións reais	310.332,81
VII Transferencias de capital	70.319,27
VIII Activos financeiros	0,00
IX Pasivos financeiros	1,00
Total	1.437.058,29

A Pobra do Brollón, a 30 de xaneiro de 2006.- O Alcalde, David López Goyán.

R. 00555

RIORTORTO

Edicto

Ante a imposibilidade de realiza-la notificación a dona IRINA FANEA, de nacionalidade rumana, con Pasaporte nº 06655578 e último domicilio coñecido en Ermida nº 28 ó non poder ser practicada por estar ausente, de conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/92, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificado por lei 4/1999, do 13 de xaneiro; procédese á publicación da Resolución desta Alcaldía de data 20 de xaneiro de 2006, no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios deste Concello:

"En cumprimento da Resolución da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e o Director Xeral de Cooperación Local do 28 de abril de 2005 pola que se dictan instrucións técnicas ós Concellos sobre o procedemento para acordar a caducidade das inscricións padronais dos estranxeiros non comunitarios sen autori-

zación de residencia permanente que non sexan renovadas cada dous anos e dado que polo Instituto Nacional de Estatística comunícase mediante fichero H27054ia.905 que Dª IRINA FANEA, de nacionalidade Rumana, nada en data 20/07/1974, con pasaporte nº 06655578, ten a obriga de realiza-la renovación da súa inscrición antes do 22 de decembro de 2005.

Visto, que de acordo co disposto na devandita Resolución, en data 21 de outubro de 2005, intentouse notificar o preaviso de caducidade a Dª Irina Fanea, no seu domicilio coñecido de Ermida, 28 da parroquia de Espasande, a medio de carta certificada con acuse de recibo, sendo devoltos estes por ausente.

Visto, que o pasado día 22 de decembro de 2005, rematou o prazo para efectúa-la renovación da súa inscrición padronal sen que se houbera realizado a mesma.

Visto, o disposto no apartado 8 da Resolución da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e o Director Xeral de Cooperación Local de 28 de abril de 2005, polo presente resolvo:

Primeiro.- Acorda-la baixa de Dª IRINA FANEA, por caducidade da inscrición padronal.

Segundo.- Notifíquese este acordo a dona Irina Fanea cos recursos procedentes.

Asinado polo Sr. Alcalde D. José López Cabodevila en Riotorto a vinte de xaneiro de dous mil seis, de todo o que, eu, Secretario, certifico".

RECURSOS: Contra este acordo, que pon fin a vía administrativa, poderá vostede interpor, directamente, o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Lugo, durante o prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente escrito. Igualmente e con carácter potestativo, poderá interpoñer, ante o mesmo órgano que dictou o acordo, recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da referida notificación, sin poder simultanear ambos dous, conforme se dispón nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, segundo a modificación introducida pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, advirtíndolle que tamén poderá utilizar cualquera outro recurso que estime pertinente e/ou exerces-as accións que procedan ante a xurisdicción competente.